

EXEMPLO ACTA DE REUNIÓN DO GT_ ACTA INICIAL

TÍTULO: ELABORACIÓN DE CURSOS VIRTUAIS NA AULA VIRTUAL DO CENTRO

CENTRO: IES STEVE JOBS (CALIFORNIA)

DATA DA REUNIÓN: 21/11/2013

HORA DE INICIO: 16:30

HORA DE REMATE: 19:30

TOTAL HORAS DE REUNIÓN: 3

ASISTENTES:

Carlos... (Coordinador do grupo de traballo)

Inés...

Pilar...

Yolanda...

David...

AUSENTES:

Juan...

Rosa...

OBSERVACIÓNS: Asiste á reunión a asesora do CAFI Estela Míguez.

ORDE DO DÍA:

1º Presentación e posta en marcha do grupo de traballo.

2º Valoración sobre as características e necesidades do grupo.

3º Xestión orzamentaria.

4º Calendario de sesións.

5º Organización da docencia.

6º Instrucións sobre a elaboración de actas e de memoria final.

7º Indicacións sobre a elaboración de materiais didácticos.

8º Avaliación do impacto na aula.

TEMAS TRATADOS:

-A asesora do CAFI presenta o grupo de traballo e informa sobre a súa posta en marcha, indicando a todos os asistentes, en primeiro lugar, as condicións baixo as que foi aprobada a actividade.

-A asesora do CAFI convida aos participantes do grupo a expresar as súas características como grupo e as súas necesidades formativas. O grupo informa de que a súa principal característica é a súa falta de uniformidade no que a coñecementos técnicos se refire.

-A asesora do CAFI informa sobre a maneira de xestionar o orzamento e os seus diferentes conceptos. Tamén explica e entrega unhas instrucións relativas ás facturas. O prazo límite para a súa entrega á asesora é o 13 de decembro.

-Establécese o calendario de sesións, os obxectivos e contidos das docencia (cfr. doc. específico).

-A asesora do CAFI informa sobre as instrucións para elaborar as actas e a memoria final e sobre a elaboración de materiais didácticos.

-A asesora do CAFI informa sobre a importancia de avaliar o impacto da aula dos materiais elaborados polo grupo.

ACORDOS E COMPROMISOS:

Acórdase o calendario de sesións: as sesións de traballo conxunto serán os seguintes xoves de 16:30 a 19:30: 21/11/13; 05/12/13; 16/01/14; 30/01/14; 13/02/14; 03/04/14. As sesións de traballo individual serán nas seguintes datas de 16:30 a 18:30: 27/02/14, 13/03/14 e 27/03/14. As datas propostas para a docencia, se a dispoñibilidade do relator o permite, son as seguintes: 12/12/13 e 23/01/14.

PROPOSTAS PARA A PRÓXIMA XUNTANZA:

Acórdase que na vindeira sesión do día 05 de decembro o coordinador faga unha introducción xeral a Moodle ao resto dos participantes.

EXEMPLO ACTA DE REUNIÓN DO GT_ACTA **SESIÓN CONXUNTA**

TÍTULO: ELABORACIÓN DE CURSOS VIRTUAIS NA AULA VIRTUAL DO CENTRO

CENTRO: IES STEVE JOBS (CALIFORNIA)

DATA DA REUNIÓN: 30/01/2014

HORA DE INICIO: 16:30

HORA DE REMATE: 19:30

TOTAL HORAS DE REUNIÓN: 3

ASISTENTES:

Carlos... (Coordinador do grupo de traballo)

Inés...

Pilar...

Yolanda...

Juan...

Rosa...

AUSENTES:

David...

OBSERVACIÓNS: Comeza a sesión con media hora de atraso.

ORDE DO DÍA:

1º Valoración do desenvolvemento dos obxectivos e dos contidos ata o momento.

2º Valoración da metodoloxía empregada ata o momento.

3º Valoración da adecuación e cumprimento do horario establecido.

4º Valoración dos materiais que se están a elaborar.

5º Elaboración de novos exercicios e tarefas para os cursos virtuais.

TEMAS TRATADOS:

-O desenvolvemento dos obxectivos e dos contidos é valorado como altamente positivo. Faise constar sobre todo que o grupo de profesores que partía sen coñecementos previos fixo un forte esforzo por acadar o nivel do grupo con certos coñecementos e agora ambos grupos están case emparellados.

-A metodoloxía, activa e práctica, funciona á perfección. Sen embargo, atopámonos coa dificultade de animar os alumnos a participar nos materiais xa elaborados.

-O horario establecido foi cumprido ata ao momento sen problema ningún.

-Elaboráronse xa os elementos básicos de catro cursos virtuais por materias temáticas: matemáticas, lingua galega, historia e inglés (para 3º da ESO). O resultado, aínda que básico, é satisfactorio.

-Discútese o tipo de exercicios e tarefas que serán elaborados nos diferentes cursos virtuais.

ACORDOS E COMPROMISOS:

Acórdase elaborar unha estratexia común para animar os alumnos de 3º ESO ao emprego dos materiais ata agora elaborados.

Acórdase elaborar, se o tempo o permite, novos cursos virtuais temáticos para 4º da ESO.

PROPOSTAS PARA A PRÓXIMA XUNTANZA:

Propónse que cada participante reflexione sobre posibles estratexias para o devandito acordo e as expoña na vindeira xuntanza.

Propónse tamén que a vindeira xuntanza se apraze do día 13/02/14 ao 20/02/14 debido a que varios participantes teñen problemas para asistir na primeira data.

EXEMPLO ACTA DE REUNIÓN DO GT_ACTA SESIÓN **INDIVIDUAL**

TÍTULO: ELABORACIÓN DE CURSOS VIRTUAIS NA AULA VIRTUAL DO CENTRO

CENTRO: IES STEVE JOBS (CALIFORNIA)

DATA DA REUNIÓN: 27/03/2014

HORA DE INICIO: 16:30

HORA DE REMATE: 18:30

TOTAL HORAS DE REUNIÓN: 2

ASISTENTES:

Carlos... (Coordinador do grupo de traballo)

Inés...

Pilar...

Yolanda...

Juan...

Rosa...

David...

AUSENTES:

OBSERVACIÓNS: Non hai observacións que facer.

ORDE DO DÍA:

1º Elaboración de cuestionarios para os cursos virtuais de matemáticas, lingua galega, historia e inglés para 4º de ESO.

TEMAS TRATADOS:

Cada participante elabora, segundo a asignatura da que sexa especialista, os cuestionarios dos diferentes cursos virtuais e reflexiona sobre a súa aplicabilidade na aula.

ACORDOS E COMPROMISOS:

Acórdase poñer en práctica cos alumnos os cuestionarios elaborados nesta sesión e avaliar o impacto na aula.

PROPOSTAS PARA A PRÓXIMA XUNTANZA:

Poñer en común os cuestionarios elaborados de xeito individual por cada asistente e comentar as dificultades xurdidas e posibles solucións.

Elaborar unha estratexia conxunta para levar á aula os cuestionarios elaborados.

EXEMPLO ACTA DE REUNIÓN DO GT_ACTA FINAL

TÍTULO: ELABORACIÓN DE CURSOS VIRTUAIS NA AULA VIRTUAL DO CENTRO

CENTRO: IES STEVE JOBS (CALIFORNIA)

DATA DA REUNIÓN: 03/04/2014

HORA DE INICIO: 16:30

HORA DE REMATE: 19:30

TOTAL HORAS DE REUNIÓN: 3

ASISTENTES:

Carlos... (Coordinador do grupo de traballo)

Inés...

Pilar...

Yolanda...

Juan...

Rosa...

David...

AUSENTES:

OBSERVACIÓNS: Asiste a asesora do CAFI, Estela Míguez.

ORDE DO DÍA:

1º Valoración final sobre os obxectivos e os contidos acadados.

2º Avaliación sobre o impacto na aula.

3º Instrucións finais sobre a realización da memoria e demais documentación.

4ª Indicacións sobre a enquisa final.

TEMAS TRATADOS:

-Os obxectivos e contidos foron acadados satisfactoriamente. Os materiais elaborados foron, de feito, máis amplos do que en principio se prevía debido á boa disposición dos participantes. Os cursos virtuais, en principio previstos para o curso de 3º ESO, foron ampriados a 4º de ESO.

-O impacto na aula, aínda que ao principio resultou dificultoso pola falta de actitude dos alumnos, finalmente pode considerarse satisfactorio, pois as medidas implementadas para animar o alumnado deron, en certa medida, efecto, se ben cómpre dicir que talvez no vindeiro ano ese impacto sexa maior.

-A asesora do CAFI da instrucións finais sobre a realización da memoria e da enquisa final. Da os seus parabéns aos membros do grupo e ánimaos a continuar o vindeiro curso.

ACORDOS E COMPROMISOS:

-Acórdase que os participantes contribúan á realización da memoria nos puntos de CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS, INCIDENCIA NO CENTRO E ACTIVIDADES REALIZADAS, a través dun documento compartido. Dase de prazo ata o 6 de maio para completar os documentos compartidos.

-Acórdase solicitar o vindeiro ano un novo grupo de traballo que afonde na temática do grupo actual e que permita estender a unha maior parte do alumnado os materiais elaborados.

PROPOSTAS PARA A PRÓXIMA XUNTANZA:

-O coordinador recollerá as achegas dos participantes na memoria final. Tamén exporá os resultados da enquisa para mellorar aspectos de funcionamento do proxecto de cara ao vindeiro curso.

EXEMPLO ACTA DE REUNIÓN DO GT_ **SESIÓN DE DOCENCIA**

TÍTULO: ELABORACIÓN DE CURSOS VIRTUAIS NA AULA VIRTUAL DO CENTRO

CENTRO: IES STEVE JOBS (CALIFORNIA)

DATA DA REUNIÓN: 12/12/2013

HORA DE INICIO: 16:30

HORA DE REMATE: 19:30

TOTAL HORAS DE REUNIÓN: 3

ASISTENTES:

Carlos... (Coordinador do grupo de traballo)

Inés...

Pilar...

Yolanda...

Juan...

Rosa...

David...

AUSENTES:

OBSERVACIÓNS: Asiste a asesora do CAFI, Estela Míguez.

ORDE DO DÍA:

1º Docencia a cargo de D. Bill Gates (IES Microsoft – EEUU)

TEMAS TRATADOS:

-Introducción a Moodle.

-A aula virtual do centro.

-Aspectos básicos da creación dun curso virtual con Moodle: usuarios, tarefas, cuestionarios, etc.

ACORDOS E COMPROMISOS:

-Acórdase poñer en práctica o aprendido nesta sesión teórica nas vindeiras sesións de traballo individual do seguinte xeito: cada profesor deberá crear un curso virtual na aula virtual do centro para a asignatura que imparte en 3º de ESO.

PROPOSTAS PARA A PRÓXIMA XUNTANZA:

-Afondar na práctica da elaboración de tarefas nunha sesión de traballo conxunto por parecer a máis complexa e a que máis precisa dun traballo en común.